

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
INSTITUTO GALLEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA – IGAPE

Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no Instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña. Modalidade proxectos empresariais tractores de grandes empresas, e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrência competitiva (código de procedemento IG408N).

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa reunión do 26 de decembro de 2024, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no Instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña. Modalidade proxectos empresariais tractores de grandes empresas, e facultou á persoa titular da Dirección Xeral do Igape para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no Instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña. Modalidade proxectos empresariais tractores de grandes empresas, e convocar para o ano 2025, estas actuacións en réxime de concorrência competitiva (código de procedemento IG408N).

As axudas das bases reguladoras anexas á presente convocatoria están cofinanciadas no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (FTJ) que ten unha taxa de cofinanciamento do 70%, proporcionándose o cofinanciamento nacional no nivel dos perceptores



finais, como investimento elixible nos mesmos. En particular:

Obxectivo político ou obxectivo específico do FTJ (JSO8.1): facer posible que as rexións e as persoas afronten as repercusións sociais, laborais, económicas e ambientais da transición cara aos obxectivos da Unión para 2030 en materia de enerxía e clima e unha economía da Unión climáticamente neutra de aquí a 2050, con arranxo ao Acordo de París.

Prioridade P2: A Coruña.

Actuación: CO3. Impulso a pemes e proxectos empresariais tractores para a diversificación económica dos territorios. Apoio a proxectos empresariais e pemes que xeren actividade económica e manteñan e/ou creen emprego, a través de instrumentos financeiros de préstamos.

Os indicadores correspondentes a estas axudas son os seguintes:

a) Indicadores de realización:

RCO01-Empresas apoiadas.

RCO03-Empresas apoiadas a través de instrumentos financeiros.

b) Indicadores de resultado:

RCR01-Postos de traballo creados en entidades apoiadas.

RCR02-Investmentos privados que acompañan ao apoio público (das cales: subvencións, instrumentos financeiros)

Segundo. O prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e será de tres meses contado desde as 9.00 horas do día de inicio do prazo e ata as 14.00 horas do día no que se cumpra o citado prazo de tres meses.

Terceiro. Os créditos dispoñibles para concesións abonaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes e distribución plurianual:

Modalidade	Partida orzamentaria	Orixe dos fondos	Ano 2025	Ano 2026	Total
------------	----------------------	------------------	----------	----------	-------



Tramo non reembolsable	09.A1.741A.7700	FTJ	3.642.857,14 €	4.289.835,00 €	7.932.692,14 €
Tramo reembolsable	09.A1.741A.8310	FTJ	13.357.142,86 €	15.729.395,00 €	29.086.537,86 €
			17.000.000,00 €	20.019.230,00 €	37.019.230,00 €

A persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá ampliar os créditos, previa declaración da súa dispoñibilidade, como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Decreto 11/2009), mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto. Prazos de duración do procedemento, disposición dos fondos, execución do proxecto, xustificación das finalidades e acreditación do fito de creación de emprego, e no seu caso outras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión da operación:

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución será de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes correspondente a esta convocatoria, transcorrido o cal poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.

O prazo para solicitar a disposición dos fondos dos préstamos finalizará na data establecida na resolución de concesión, sen que poida exceder do 30 de novembro de 2026.

O prazo para executar os proxectos finalizará na data establecida na resolución de concesión.

O prazo para xustificar a realización e o pago do investimento subvencionable será de catro meses desde a finalización do prazo de execución indicado no acordo de concesión.

Os perceptores finais das axudas deberán presentar a acreditación do cumprimento do fito de creación de emprego, e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión do instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención nunha única operación, no prazo de doce meses a partir da data final de execución do proxecto fixada na resolución de concesión.

Quinto. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*. A cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as



subvencións concedidas na Base de datos Nacional de Subvencións, non requirirá o consentimento do beneficiario.

Sexto. Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
Covadonga Toca Carús
Directora Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

INSÍRASE
A XERENTE

Patricia Villajos Grande



Bases Reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no Instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña. Modalidade proxectos empresariais tractores de grandes empresas.

A Comisión Europea creou o Mecanismo de Transición Xusta como ferramenta clave para garantir que a transición cara a unha economía climáticamente neutral ocorra de maneira xusta. Este Mecanismo proporcionará apoio financeiro e asistencia técnica aos Estados membro e investidores e asegurase de que as comunidades afectadas, as autoridades locais, os interlocutores sociais e as organizacións non gobernamentais estean involucradas; incluíndo un marco de gobernanza centrado en plans territoriais de transición xusta.

O Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo de Transición Xusta (FTJ), é un dos piares do Mecanismo para unha Transición Xusta que se aplica no marco da política de cohesión. Os obxectivos do FTJ son mitigar os efectos negativos da transición climática prestando apoio aos territorios máis prexudicados e aos traballadores afectados e promover unha transición socioeconómica equilibrada.

O ámbito xeográfico dos proxectos que opten ás axudas que se concedan ao amparo das presentes bases é a provincia da Coruña , pola súa condición de zona afectada polo peche de explotacións mineiras e centrais térmicas de carbón, enmarcando esta axuda na prioridade P2 do Programa do Fondo de Transición Xusta de España para o período 2021-2027, operación CO3 Impulso a pemes e proxectos empresariais tractores para a diversificación económica dos territorios afectados.

De conformidade co artigo 58 do Regulamento (UE) 2021/1060, os instrumentos financeiros poderán combinarse con axuda dun programa en forma de subvencións nunha única operación de instrumentos financeiros, dentro dun único acordo de financiamento, no que o organismo que executa o instrumento financeiro proporcionará as dúas variantes da axuda. Nese caso, as normas aplicables aos instrumentos financeiros aplicaranse á devandita operación única de instrumentos financeiros.

Os préstamos parcialmente reembolsables previstos nestas bases reguladoras, contemplan a combinación dun instrumento financeiro de préstamo cunha subvención nunha única operación, materializándose esta última modalidade de axuda como un tramo non reembolsable do préstamo.



As presentes bases ampáranse en:

O Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta.

O Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

A Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

O Regulamento (UE) Nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

A Comunicación da Comisión 2008/C14/02 relativa á revisión do método de fixación dos tipos de referencia e de actualización.

O Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG núm. 78, do 23 de abril), modificado polos decretos 174/2007, do 6 de setembro (DOG núm. 186, do 25 de setembro), 45/2009, do 12 de febreiro (DOG núm. 48, do 10 de marzo de 2009) e 155/2019, do 28 de novembro (DOG núm. 234, do 10 de decembro) que habilita o Igape para conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos a favor de empresas de acordo cos requisitos e características establecidos programámos que, con carácter xeral, para ese efecto aprobe.

A convocatoria desta liña de axudas será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape. A convocatoria incluírá o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.



As axudas reguladas nesta base outorgaranse en réxime de concorrència competitiva ao amparo do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 1. *Obxecto*

1. Constitúe o obxecto das presentes bases reguladoras a concesión de préstamos parcialmente reembolsables cofinanciados no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (FTJ), para o financiamento de proxectos tractores de grandes empresas na provincia da Coruña, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 5 destas bases.

2. As axudas reguladas nestas bases combinan un instrumento financeiro de préstamos directos con subvención nunha mesma operación, de forma que estes préstamos, destinados a financiar investimentos empresariais, poderán ser parcialmente reembolsables en función do cumprimento de determinados requisitos.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias ou perceptores finais das axudas reguladas nestas bases as grandes empresas, entendendo como tales aquelas entidades, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica e que non poidan encadrarse na categoría de microempresa ou pequena e mediana empresa (peme) establecidos no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 da Tratado UE.

2. As grandes empresas poderán ser persoas físicas ou xurídicas. Tamén poderán ter a condición de persoas beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, as sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos do anterior número 1.

No caso de agrupacións, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que se vai a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única con poder suficiente para cumprir os deberes que, como persoa beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007. A



operación financeira deberá estar formalizada a nome da agrupación, e deberá ser asinada por cada un dos seus membros.

No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, despois de autorización dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

No caso de comunidades de bens, cada un dos socios deberá cubrir o formulario do anexo II de *comprobación de datos de terceiras persoas interesadas*.

3. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias:

- a) As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axuda, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.
- b) As empresas en crise, de acordo coa definición establecida no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión.
- c) As empresas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, ou incumpran as obrigas do artigo 11 da citada Lei, ou do artigo 14.3 bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- d) As empresas que propoñan un proxecto afectado a unha actividade pertencente a un sector excluído conforme ao establecido no artigo 3 destas bases reguladoras e na normativa de aplicación.
- e) Para subvencións de importe superior a 30.000 €, as empresas que incumpran os prazos de pago previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as súas posteriores modificacións, cando as persoas solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

4. O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas beneficiarias non incorren en ningunha das circunstancias para ser consideradas empresa en crise conforme a definición establecida no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión.

Artigo 3. *Actividades económicas subvencionables*

1. Poderán ser obxecto de axuda os proxectos pertencentes a todas as actividades económicas susceptibles de recibir axudas, de acordo coa normativa nacional e da Unión Europea aplicable, coas excepcións establecidas no punto 2 este artigo. En consecuencia, estas axudas non están dirixidas a un número limitado de sectores específicos de actividade económica.



2. Non poderán concederse axudas aos sectores e actividades que estean excluídos polo Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta (FTJ), nin aos excluídos do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión e, en particular, aos que queden fóra do ámbito de aplicación da sección referida ás axudas de finalidade rexional, que son os seguintes:

- a) A fabricación, a transformación e a comercialización de tabaco e produtos de tabaco.
- b) Investimentos relacionados coa produción, a transformación, o transporte, a distribución, o almacenamento ou a combustión de combustibles fósiles.
- c) O desmantelamento ou a construción de centrais nucleares.
- d) Sectores do aceiro, o lignito e o carbón.
- e) Sector do transporte, así como a correspondente infraestrutura; as axudas á produción, o almacenamento, o transporte, a distribución e as infraestruturas de enerxía, con excepción das axudas rexionais ao investimento nas rexións ultraperiféricas e os réximes de axudas de funcionamento de finalidade rexional; e as axudas no sector da banda larga, con excepción dos réximes de axudas de funcionamento de finalidade rexional.
- f) As axudas rexionais de funcionamento concedidas a empresas cuxas actividades principais estean incluídas no ámbito da sección K "Actividades financeiras e de seguros" da NACE Rev. 2 ou a empresas que realicen actividades intragrupo e cuxas actividades principais estean incluídas nas categorías 70.10 "Actividades das sedes centrais" ou 70.22 "Outras actividades de consultoría de xestión empresarial" de NACE Rev. 2.
- g) Transformación e comercialización de produtos agrícolas cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade dos devanditos produtos adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas ou cando a axuda se supedite á súa transmisión, total ou parcial, aos produtores primarios.
- h) Sector da pesca e a acuicultura, incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 1379/2013.
- i) Sector agrícola primario.

Do mesmo xeito, de acordo co Acordo de Asociación 2021-2027, quedan excluídas de apoio aquelas actividades que afecten a:

- As entulleiras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico de residuos,
- As incineradoras,
- As desalinizadoras.



- A investigación básica
- As instalacións suxeitas ao Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión (ETS)

Ademais, limitarase:

- O apoio á produción de biogás baixo as seguintes condicións: cando o input sexan biorresiduos urbanos xa separados e outros tipos limitados de biorresiduos (como lodos ou lodos provenientes de plantas de depuración de augas), cando se trate de produción en plantas asociadas aos recursos e as demandas locais, e cando exista unha necesidade de financiamento debido a unha deficiencia do mercado.
- A Coxeración de alta eficiencia, onde se concentrará o apoio na substitución de combustibles fósiles de plantas de coxeración actualmente en funcionamento, por enerxías renovables.

Artigo 4. *Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas*

1. Estas axudas son incompatibles con outras axudas ou subvencións públicas para os mesmos investimentos subvencionables.

2. A obtención doutras axudas ou subvencións para o mesmo proxecto deberá comunicarse ao Igape tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a xustificación do fito de creación de emprego, e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión do instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención nunha única operación. Antes de conceder e pagar a axuda, deberá constar no expediente unha declaración sobre calquera axuda recibida para este mesmo proxecto. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 5. *Proxecto subvencionable*

Poderán ser subvencionables os proxectos de investimento que cumpran os seguintes requisitos:

1. Localizarse exclusivamente nun ou varios centros de traballo da provincia da Coruña.
2. Corresponder a un investimento inicial en favor dunha nova actividade económica na zona de que se trate, entendendo como investimento inicial a aquela materializada en activos fixos relacionada coa creación dun novo establecemento, ou a diversificación da actividade dun



establecemento, a condición de que a nova actividade non sexa unha actividade idéntica ou similar á realizada anteriormente no establecemento.

3. O importe mínimo do investimento subvencionable será de 200.000 €, nos conceptos detallados no artigo 6 destas bases. Non se establece un importe máximo de investimento subvencionable, aínda que o préstamo parcialmente reembolsable máximo estará limitado polo crédito orzamentario autorizado nas presentes bases reguladoras, diminuído no seu caso, polo saldo restante derivado da prelación dos demais proxectos concorrentes.

4. O proxecto deberá supoñer unha creación neta de emprego na provincia da Coruña dun mínimo de 1 posto de traballo por cada 80.000 € de axuda pública, cun mínimo de 5 postos de traballo. Para estes efectos, enténdese por creación neta de emprego, a creación de postos de traballo con contrato indefinido a tempo completo e o mantemento destes postos de traballo xunto ao seu persoal medio previo de traballadores con contrato indefinido no momento da solicitude, durante polo menos 5 anos desde a acreditación do fito de creación de emprego. Para calcular o persoal medio previo, tomaranse os doce meses anteriores.

5. Contribuirá á transición a unha economía da Unión climaticamente neutra a 2050 e a lograr obxectivos medioambientais conexos (artigo 8 do regulamento FTJ), incorporando algunha actuación significativa en relación con algunha das tipoloxías seguintes:

- Descarbonización e/ou redución do consumo de enerxía primaria e/ou redución da contaminación.
- Produción de enerxías renovables (para autoconsumo ou comunidades enerxéticas) ou gases renovables ou de almacenamento enerxético e/ou fabricación de compoñentes para enerxías renovables, gases renovables, almacenamento enerxético, redes intelixentes ou tecnoloxías hipocarbónicas para o transporte.
- Economía circular e/ou minimización do uso de materias primas e/ou reciclaxe e valorización de residuos, en particular na reciclaxe de equipos de enerxías renovables.
- Actuación de conservación e/ou mellora do estado ecolóxico das masas de auga e/ou conservación da natureza e protección da biodiversidade.
- Actuacións de investigación e innovación nestes ámbitos.



Así mesmo, en relación aos requisitos medioambientais/climáticos:

- Realizarase unha análise de pegada de carbono de todo o ciclo completo do proxecto.
- En todos os proxectos minimizarase o volume de auga e outros recursos naturais utilizados no proceso e realizarase un control das augas residuais resultantes do mesmo.
- Cumprirase o principio DNSH en todas as actuacións.
- No caso de proxectos de infraestruturas, garantirase a protección fronte ao cambio climático (mitigación e adaptación) (artigo 73.2. j do Regulamento de Disposicións Comúns).
- As novas instalacións suxeitas a Avaliación Ambiental Integrada situaranse preferentemente fóra da Rede Natura 2000.
- Se se constrúen/rehabilitan edificios ou naves industriais farase con criterios de eficiencia enerxética de acordo co establecido no anexo I (ámbito de intervención 040) do Regulamento de Disposicións Comunes2
- Minimizarase a afección a elementos do patrimonio histórico, cultural, arqueolóxico e etnográfico. Se existise afección ao mesmo, esta avaliarase de acordo á normativa de aplicación.

En relación con determinadas tipoloxías concretas de actuacións deberase constatar o seguinte:

- En actuacións de biomasa, biocarburantes e biolíquidos cumpriranse os criterios de sustentabilidade e redución de emisións de GEI establecidos no artigo 29 da Directiva (UE) 2018/2001, sobre fontes de enerxía renovables.
- En actuacións de sistemas de almacenamento enerxético con baterías, ou de fabricación das mesmas, realizarase un estudo da potencial toxicidade das substancias empregadas e a súa afección ao medioambiente.
- En actuacións de fotovoltaica en cuberta retirarase con carácter previo o amianto da mesma, no caso de que existise.
- En actuacións de desmantelamento de instalacións incorporaranse medidas para a recuperación e conservación do chan e a xeración de novos hábitats con especies autóctonas.

6. O período de execución dos investimentos subvencionables denomínase prazo de execución do proxecto e abarcará desde a data de presentación da solicitude ata a data de finalización do prazo establecido na resolución de concesión. Con carácter xeral, finalizará dentro dos 24 meses seguintes á data de notificación da resolución de concesión. Calquera investimento realizado fóra deste período non será subvencionable.



7. Non serán subvencionables os proxectos de investimento vinculados a un contrato de xestión de servizos públicos.

8. A axuda solicitada debe supoñer un efecto incentivador para o proxecto presentado. Existe efecto incentivador cando a axuda cambia o comportamento da empresa de modo que esta non emprendería o proxecto obxecto de solicitude sen a axuda, ou que só o emprendería dunha maneira limitada ou diferente. A axuda non debe subvencionar os custos dunha actuación en que a empresa incorrería en calquera caso.

Para ese efecto, antes de iniciar o proxecto, a persoa solicitante deberá presentar a solicitude de axuda . Non se poderá incorrer en ningún dos custos alegados sobre os cales se solicita a axuda con carácter previo á solicitude; de ser así, a totalidade do proxecto será considerado non subvencionable, de acordo coa esixencia de efecto incentivador previsto no artigo 6 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión.

Considérase que o proxecto xa foi iniciado cando exista un primeiro compromiso en firme para a execución das obras ou para a adquisición dalgún dos elementos integrantes do proxecto, entendéndose por proxecto calquera dos investimentos comprendidos na solicitude da axuda. Neste sentido, considérase que existe compromiso en firme no caso da existencia dun contrato ou oferta asinado entre as partes, ou da existencia dun pedido, para calquera dos elementos subvencionables.

Para estes efectos, determinados traballos preparatorios, como a obtención de permisos ou a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran inicio dos traballos.

Aqueles proxectos excluídos por non dispoñer de crédito orzamentario tras a aplicación dos criterios de priorización correspondentes, no suposto de presentación de idéntico proxecto a futuras convocatorias do instrumento, tomarase en consideración a data de solicitude desta convocatoria en relación ao efecto incentivador.

Artigo 6. *Investimento subvencionable*

1. Só serán subvencionables a través do instrumento financeiro os investimentos produtivos en activos materiais e inmateriais novos adquiridos a terceiros non vinculados coa persoa



beneficiaria. Os investimentos produtivos deben entenderse como investimentos en capital fixo ou como o activo inmovilizado dunha empresa para producir bens e servizos, de maneira que se contribúa á formación bruta de capital e ao emprego. Enténdese que existe vinculación se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei. Así mesmo, tomarase en consideración a definición de «empresas asociadas» ou de «empresas vinculadas» establecida nos apartados 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

2. Os custos dos activos inmateriais unicamente serán subvencionables ata un límite do 50% do total dos custos de investimento subvencionables do proxecto.

3. Os instrumentos financeiros poderán financiar o IVE soportado polas persoas beneficiarias en relación cos investimentos que constitúan a operación. Con todo, a efectos do cálculo do tramo non reembolsable do préstamo, non se computará o IVE que sexa recuperable.

4. Só será subvencionable a adquisición de terreos por un importe que non exceda do 10 % do investimento total subvencionable da operación que se trate. Esta limitación non aplica ás operacións relativas á conservación do medio ambiente. Tampouco será de aplicación naqueles casos en que a operación consista, atendendo o seu obxecto e finalidade, na adquisición de edificacións xa existentes para ser rehabilitadas ou postas en uso para un novo propósito, de modo que o terreo en que estas se asentán non constitúa o elemento principal da adquisición. Non se considerará que a operación consiste na adquisición de edificacións xa existentes de modo que o terreo en que se asentán non constitúe o elemento principal da adquisición, calquera que sexa o seu obxecto ou finalidade, cando o valor de mercado do chan exceda do valor de mercado da edificación no momento da compra.

5. As adquisicións de bens inmobles ou de bens mobles inscribibles nun rexistro público deberán utilizarse para os fins previstos durante un período mínimo de 5 anos, e o resto dos investimentos na localización prevista durante un mínimo de 5 anos, en ambos os casos contados desde a data de finalización do prazo de execución do proxecto.

6. Non será subvencionable a adquisición dos terreos ou de bens inmobles que pertencen ou pertencesen durante o período de elixibilidade ao Igape, Xesgalicia ou a outro organismo ou entidade, directa ou indirectamente, vinculado ou relacionado cos mesmos.



7. Cando o proxecto supoña unha transformación fundamental no proceso de produción, os custos subvencionables deberán superar a amortización dos activos relativos á actividade que se vai a modernizar nos tres exercicios fiscais anteriores.

8. En ningún caso o custo de adquisición dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Para o caso de bens inmobles, este feito acreditarase mediante certificado de taxador independente debidamente acreditado e rexistrado no Banco de España.

Artigo 7. Financiamento do investimento subvencionable

1. O préstamo para conceder ao amparo destas bases reguladoras non superará o 70% do investimento subvencionable, e configúrase como un instrumento financeiro combinado con subvención nunha única operación, nos termos previstos no artigo 58 puntos 4 a 7 do Regulamento 2021/1060.

2. Polo menos un 30% do investimento subvencionable deberá ser financiado por terceiros, xa sexan entidades financeiras ou outras entidades privadas ou públicas nacionais. Esta contribución terá a consideración de cofinanciamento nacional, para o que o titular deberá achegar os acordos xurídicos celebrados coas entidades privadas ou públicas españolas, acreditativas desta contribución e a xustificación da transferencia efectiva dos recursos.

3. A persoa beneficiaria das axudas deberá achegar unha contribución financeira mínima do 25% dos custos subvencionables, ben a través dos seus propios recursos, ben mediante financiamento externo exento de calquera tipo de axuda pública, podendo computarse esta última como cofinanciamento nacional para os efectos do apartado 2 anterior.

4. Cando a persoa beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais, deberán abonarse nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as súas modificacións posteriores.

Artigo 8. Características dos préstamos

1. Os préstamos concedidos contarán cun tramo reembolsable e outro non reembolsable. O tramo non reembolsable estará constituído pola subvención concedida ao amparo destas bases



en combinación co instrumento financeiro nunha única operación nos termos previstos no punto 5 do artigo 58 do Regulamento (UE) 2021/1060. Esta subvención materializarase no momento de acreditación do cumprimento do fito de creación de emprego, e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión do instrumento financeiro. A suma dos tramos reembolsable e non reembolsable constituirá o importe da operación única de instrumento financeiro combinada con subvención, que como máximo supoñerá o 70% do investimento subvencionable. Ambos os tramos devindicarán intereses aos tipos determinados neste artigo, mentres o tramo non reembolsable non adquira firmeza.

2. O tramo non reembolsable será do 15% do investimento subvencionable.

3. Disposición: Prevese a posibilidade de solicitar e realizar varias disposicións. As distintas disposicións atenderán o ritmo de execución do proxecto subvencionado e financiado.

4. Tipo de xuro ordinario: A titular poderá optar entre tipo de xuro fixo ou variable. Para o caso de interese fixo, será determinado no momento da concesión para cada empresa beneficiaria e proxecto, conforme ao seguinte método:

a) Tipo Base: Determinarase en base á media do Euribor a 1 ano rexistrado en setembro, outubro e novembro do ano anterior. O tipo base fixado deste xeito entrará en vigor a partir de xaneiro do ano seguinte. Ademais, para ter en conta variacións significativas farase unha actualización cada vez que o tipo medio calculado sobre os tres meses seguintes anteriores desvíase en máis dun 10% do tipo en vigor. O novo tipo base entrará en vigor o primeiro día do segundo mes seguinte aos meses utilizados para o cálculo. Este tipo de referencia publícase pola Comisión Europea na ligazón seguinte:

http://ec.europa.eu/competition/state_aid/legislation/reference_rates.html

b) Marxes: Determinaranse para cada operación en base á súa cualificación de risco e ás garantías da operación conforme a seguinte táboa:

Cualificación de risco de crédito	Grao de colateralización.		
	Alta	Normal	Baixa
Excelente	0,60%	0,75%	1,00%
Boa	0,75%	1,00%	2,20%
Satisfactoria	1,00%	2,20%	4,00%
Deficiente	2,20%	4,00%	6,50%
Mala/dificultades	4,00%	6,50%	10,00%



Para os prestameiros que non teñan un historial crediticio ou unha cualificación baseada unicamente nun enfoque de balance de situación, tales como determinadas empresas constituídas cun obxectivo específico, ou as empresas de nova creación, a marxe será polo menos de 4 puntos porcentuais. A marxe aplicable a unha empresa nunca podería ser inferior ao que sería aplicable á empresa matriz.

A cualificación de risco de crédito e o grao de colateralización serán determinados con arranxo ao Anexo III de determinación *da cualificación do risco de crédito e grao de colateralización* destas bases.

No caso de que o tipo base sexa negativo, o tipo de xuro así resultante de sumar a marxe non poderá ser inferior ao 0%.

Para o caso de xuro variable, determinarase tamén conforme a metodoloxía anterior, modificándose en función das variacións do Tipo Base durante a vixencia do préstamo.

Os xuros ordinarios liquidaranse trimestralmente, coincidindo co último día do trimestre natural. Para cada unha das disposicións e nos períodos de liquidación inferiores ao trimestre natural, a remuneración de xuros será por días naturais, base 360, conforme á seguinte fórmula:

$$(C \times R \times T)/36000$$

Onde «C» = Capital, «R» = tipo de xuro nominal anual a pagar trimestralmente expresado en puntos porcentuais, e «T» = número de días naturais comprendidos entre a data de disposición e o último día do trimestre natural.

Nos restantes períodos trimestrais completos de xuros, o importe absoluto dos xuros devindicados calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$(C \times R)/400$$

5. Tipo de xuro moratorio: Sen prexuízo do dereito de resolución do préstamo, en caso de atraso no pago dalgunha das sumas debidas en virtude do contrato de financiamento, o prestameiro incorrerá de pleno dereito en mora sen necesidade de requirimento previo e virá obrigado a pagar sobre a suma vencida o tipo de xuro ordinario máis 4 puntos porcentuais anuais. Estes



xuros liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento trimestral de xuros.

6. Reembolso: O tramo reembolsable será reintegrado pola persoa beneficiaria nun prazo máximo de 12 anos, con carencia igual ao prazo de execución do proxecto previsto na resolución de concesión máis un ano. Unha vez finalizado o período de carencia, o reintegro do préstamo realizarase en cotas trimestrais con vencemento o último día de cada trimestre natural, xunto coa cantidade destinada ao pago de xuros, con cotas constantes de xuros ordinarios máis amortización. O plan de amortización será calculado polo Igape e incorporarase ao contrato de préstamo.

Os pagos da persoa beneficiaria ao Igape en concepto de amortización e xuros serán realizados mediante transferencia bancaria á conta designada no contrato, ou ben, mediante domiciliación na conta que a beneficiaria designe, para o que a titular deberá presentar, debidamente cuberto, o formulario de orde de domiciliación de débito directo SEPA que se incorpora no anexo IV. As liquidacións periódicas dos importes para ingresar ou a cargar na conta de domiciliación serán calculadas polo Igape e comunicadas á titular, a título informativo, á dirección de correo electrónico sinalado no contrato de financiamento. A non recepción desta comunicación non eximirá á titular da obrigaçión de pago nos prazos establecidos. O pago da liquidación fóra de prazo de vencemento supoñerá o pagamento de xuros moratorios conforme ao pactado no contrato de financiamento.

7. En caso de producirse o incumprimento total ou parcial das condicións do contrato de financiamento, o Igape poderá dalo por vencido, e requirirá o reembolso total ou parcial, segundo corresponda, do capital vivo e dos xuros devindicados.

8. Garantías: o Igape poderá tomar as garantías de cumprimento adecuadas segundo as características de cada operación. Con carácter xeral, todos os préstamos deberán contar con garantías adecuadas.

9. Dereito privado: os contratos mediante os que se formalicen as operacións someteranse ao dereito privado, aínda cando a débeda a favor do Igape por razón destas operacións terá a cualificación de crédito de dereito público.

Artigo 9. *Criterios de priorización*



Os proxectos que cumpran coas condicións necesarias serán avaliados de acordo co seguinte baremo xeral:

1. Calidade do proxecto/operación. Ata 5 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes criterios:

- Achega dun diagnóstico e identificación da oportunidade da actuación (1 punto).
- Achega de informes independentes respecto á viabilidade técnica (3 puntos).
- Tecnoloxía e proceso industrial suficientemente contrastado (1 punto).
- Achega de proxeccións económicas razoables que sustenten adecuadamente a viabilidade económico financeira da actuación (2 puntos).

2. Plan de traballo. Ata 5 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- Achega dun cronograma razoablemente factible para a actuación (3 puntos).
- Descrición adecuada dos recursos para utilizar (1 punto).
- Aplicación de perspectiva de xénero no plan de traballo (1 punto).

3. Experiencia. Ata 5 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- Antecedentes da empresa e dos seus promotores (4 puntos).
- Proxectos similares e anos de traxectoria empresarial previa (4 puntos).
- Puntuación negativa en caso de existencia de continxencias ou historial de insolvencias e falta de pagamentos (ata 5 puntos negativos).

4. Cualificación profesional. Ata 3 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- Xustifica dispoñer de recursos humanos adecuados para a xestión operativa (1 punto).
- Xustifica capacidade de administración do negocio (1 punto).
- Xustifica dispoñer de capacidade técnica para desenvolver o proxecto (1 punto).

5. Calidade da xestión operativa. Ata 5 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- Dispoñer de ferramentas e sistemas de control de xestión (1 punto).
- Dispoñer de sistemas de xestión de calidade certificados implantados (4 puntos).

6. Solvencia financeira. Ata 25 puntos. Para grandes empresas con traxectoria previa: dispoñer de información contable fiable, e ratios sobre estados financeiros históricos: adecuada estrutura financeira, nivel de endebedamento adecuado, ratios de rendibilidade, ratios por empregado, nivel de EBITDA histórico en relación ao endebedamento, magnitude da actuación en relación á estrutura previa, capacidade de acceso a financiamento adicional, compromiso económico



histórico dos socios, contribucións dos socios e outros financiadores para a actuación. Para grandes empresas de nova creación: Estrutura de capital, implicación económica de socios promotores e acceso a financiamento bancario complementario. A puntuación será outorgada en base á análise que será realizado polos servizos técnicos do Igape, coa supervisión do Comité de riscos previsto no artigo 16, e terase en conta ademais dos estados financeiros históricos o dispoñer de cualificación de rating adecuado por axencia acreditada e informe de revisión independente do plan de negocio (IBR).

7. Creación de emprego. Ata 35 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- Mantemento: número de traballadores con contratos de duración indefinida no momento da solicitude en relación á axuda, en centros de traballo situados na provincia da Coruña (ata 10 puntos).
- Creación relativa: número de postos a crear con contratos de duración indefinida en relación á axuda (ata 10 puntos).
- Creación bruta: número de postos a crear con contratos de duración indefinida (ata 10 puntos).
- Maiores de 45: número de traballadores maiores de 45 (ata 1 punto).
- Postos de traballo a cubrir por mozos de entre 16 e 29 anos (ata 1 punto).
- Postos de traballo a cubrir por mulleres (ata 1 punto).
- Postos de traballo a cubrir por persoas con discapacidade (ata 1 punto).
- Postos de traballo a cubrir con Bolsas de emprego do ITJ (ata 1 puntos).

8. Existencia de plans de formación. Ata 2 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- Inclusión no proxecto de actuacións de formación para os traballadores e/ou a poboación local (1 punto).
- Dispoñer dun plan de formación para a poboación local/potenciais traballadores a contratar (1 punto).

9. Localización: 5 puntos en caso de proxectos situados en municipios que figuran nos Protocolos Xerais de actuación para o deseño dos Convenios de Transición Xusta acordados entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, as consellerías correspondentes das comunidades autónomas e a Federación Española de Municipios y Provincias, así como nos Convenios de Transición Xusta que se subscriban de acordo co artigo 28 da Lei 7/2021, do 21 de maio, de cambio climático e transición enerxética, e que se relacionan no anexo VI.



10. Grao de colateralización . Ata 10 puntos que se cualificará en función da puntuación obtida conforme o Anexo III, de maneira que os puntos asignados para este criterio serán o resultado de dividir entre 10 os puntos obtidos para os efectos previstos no devandito Anexo.

11. Incorporación no proxecto dos seguintes obxectivos ambientais: promoción do desenvolvemento sostible e respectuoso co medio ambiente, mitigación do cambio climático, promoción do medio ambiente, economía circular, promoción/protección da biodiversidade autóctona, os ecosistemas, hábitats e especies, así como a compatibilidade cos usos gandeiros, se estes xa existisen e os recursos naturais: Ata 5 puntos distribuídos por cada un dos obxectivos ambientais de referencia.

En caso de empate nas puntuacións, decidírase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración do criterio 7º. Se aínda así seguise existindo empate, decidírase pola maior puntuación nos criterios 6º, 5º, 4º, 3º, 2º, 1º, 8º 9º, 10º e 11º por esa orde. En caso de persistir o empate, determinarase a precedencia polo número de expediente máis baixo.

Artigo 10. Procedemento e réxime de aplicación

1. O procedemento de concesión deste instrumento financeiro combinado con subvención nunha mesma operación tramitarase en réxime de concorrència competitiva.

a) Documentos acreditativos da actuación financiable consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionalas cos conceptos xustificados.

En caso de obra civil de inmoables arrendados e/ou en réxime de concesión administrativa e/ou dereito de superficie, deberá achegarse o contrato de arrendamento/concesión/superficie.

b) A documentación acreditativa do pago, por algún dos seguintes medios:



1º. Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, ou xustificante electrónico de transferencia bancaria. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pago. En ningún caso admitiranse os pagos xustificados mediante recibo do proveedor, nin os pagos por caixa ou en efectivo.

2º. Informe de auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pago dos investimentos e/ou gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de abonos ou devolucións posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados como financiáveis no expediente.

Nas facturas en moeda estranxeira debe acreditarse con documentos bancarios de cargo nos cales conste o cambio empregado.

c) No caso de que a actuación financiada inclúa obra civil, deberá constar a licenza municipal que sexa requirida ou, no caso de obras menores, a comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

d) Comunicación previa do inicio da actividade ou da apertura do establecemento prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, no caso de proxectos de creación dun novo establecemento.

e) No caso de proxectos que requiran a realización de obra civil, acreditación de que evitaron os impactos negativos significativos no medio ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de “non causar prexuízo significativo” (principio «Do No Significant harm»-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC, mediante:

1º Certificados de xestión de residuos de construción e demolición con destino á reutilización, reciclaxe e recuperación, expedidos polos xestores de destino como xustificación da entrega, incluíndo os códigos da Listaxe Europea de Residuos (LER) e a porcentaxe de valorización alcanzado.

2º Certificado expedido pola empresa contratista conforme para a execución da obra non se utilizou amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da listaxe de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

f) Documentación de levar a cabo a análise da defensa contra o cambio climático en todas as fases do ciclo do proxecto de infraestrutura, de acordo co establecido no artigo 73.2.j do



Regulamento (UE) 2021/1060, tendo en conta as Orientacións técnicas sobre a defensa contra o cambio climático das infraestruturas para o período 2021-2027 (comunicación da Comisión 2021/C373/01, DOUE 16/09/2021) e as instrucións que desenvolva para o efecto a Autoridade de Xestión ou o Organismo Intermedio dos Programas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2021-2027. Nos proxectos nos que sexa preceptivo, pode integrarse na Avaliación de Impacto Ambiental

g) Xustificación acreditativa do cumprimento da normativa medioambiental comunitaria, estatal e autonómica vixente, en particular a normativa reguladora da Rede Natura 2000 e demais espazos naturais protexidos, a Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental e o Real Decreto Lexislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, no caso de que resulte de aplicación polas características ou localización do proxecto.

h) A documentación xustificativa que acredite o cumprimento dos condicionantes medioambientais indicados no anexo VIII, de acordo co disposto no artigo 23, apartado h) destas bases reguladoras.

i) Calquera soporte dos establecidos no Anexo V das bases onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público.

Artigo 22. Xustificación do fito de creación de emprego e outras condicións baremadas para a execución

O prazo máximo para presentar a xustificación do fito de creación de emprego, e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión do instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención nunha única operación, finalizará na data que se indique na resolución da convocatoria para cada unha das persoas beneficiarias.

Para ese efecto deberase presentar a seguinte documentación:

- a) Informe de vida laboral á data do cumprimento do fito.
- b) Memoria detallada, conciliada coa vida laboral, indicativa do emprego creado especificando cantos corresponden a persoas maiores de 45 anos, a mozos de entre 16 e 29 anos, a mulleres, a persoas con discapacidade e cantos cubriranse con bolsas de emprego do ITJ.
- c) Memoria dos plans de formación realizados, se é o caso.

A solicitude de xustificación do fito de creación de emprego e no seu caso doutras condicións de



execución do proxecto baremadas na concesión, deberá presentarse segundo o modelo do Anexo XII.

Desde a acreditación do fito de creación de emprego e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión, consideraranse cumpridas as condicións da subvención combinada co instrumento financeiro na operación, considerándose como un reembolso de capital para os efectos do pagamento de xuros.

A acreditación da creación neta dun número de traballadores menor ao comprometido, ou a falta de cumprimento das características puntuables do mesmo conforme o artigo 9, poderá xerar tamén dereito a non reintegrar o tramo non reembolsable, sempre que a puntuación obtida co emprego finalmente creado e outros criterios acreditados, non supuxese a exclusión da operación en concorrencia competitiva.

Ademais do cumprimento do fito de creación de emprego e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión do instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención nunha única operación, a titular deberá estar ao corrente nos pagos das cotas do préstamo, nas obrigas de pago coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria, e a Comunidade Autónoma.

Artigo 23. Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias:

- a) Executar o proxecto que fundamenta a concesión da operación no prazo establecido no acordo de concesión e manter o investimento no centro de traballo na provincia da Coruña durante os 5 anos seguintes á finalización do prazo de execución do proxecto.
- b) Xustificar ante o Igape o cumprimento do fito de creación de emprego, e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión do instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención nunha única operación, así como manter o persoal con contrato indefinido existente á data de solicitude de axuda e o emprego creado no prazo de 5 anos desde a acreditación do fito de creación de emprego.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de



control sobre os fondos europeos, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. A tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación consérvense durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro. Para os efectos do RDC e do cumprimento desta obrigaón considérase como beneficiario ao Igape, motivo polo cal comunicárase esta data aos perceptores finais para os efectos de que coñezan con precisión cal será o período concreto de conservación da documentación.

d) Comunicar ao Igape a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa acreditación do fito de creación de emprego.

e) Xustificar documentalmente a realización e pago do investimento subvencionable no prazo establecido nas bases reguladoras, así como manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos investimentos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados cos fondos do FTJ.

f) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e o FTJ segundo o establecido no anexo V a estas bases, durante o período de execución e mantemento do investimento.

g) Comprometerse a evitar os impactos negativos significativos no medio ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «Do No Significant harm»-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.

De acordo con este principio, deberá terse en conta que para os proxectos que requiran a realización de obra civil durante a execución do proxecto deberanse cumprir as seguintes condicións específicas:

- Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluindo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Listaxe europea de residuos establecido pola Decisión 2000/532EC) xerados na execución da obra prepararanse para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.



- Para a execución da actuación non se utilizará amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da listaxe de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

- Acreditar a realización da análise da defensa contra o cambio climático en todas as fases do ciclo do proxecto de infraestrutura, desde a planificación inicial, de acordo co establecido no artigo 73.2.j) do Regulamento (UE) 2021/1060, tendo en conta as Orientacións técnicas sobre a defensa contra o cambio climático das infraestruturas para o período 2021-2027 (Comunicación da Comisión 2021/C 373/01, DOUE 16/09/2021) e as instrucións que desenvolva para o efecto a Autoridade de Xestión dos Programas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2021-2027.

h) Cumprir os condicionantes medioambientais indicados no anexo VIII, ou ben sinalar a súa non aplicación, segundo corresponda á execución do proxecto.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) No caso de non ser capaz de realizar o proxecto para o cal se concedeu a operación, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

k) Facilitar, a instancia do Igape, a titularidade real da empresa beneficiaria para o caso de que, consultadas as bases de datos correspondentes, non se puidese dispoñer da devandita información.

l) Informar sobre o nivel de logro dos indicadores correspondentes a estas bases, en caso de ser necesario.

m) Presentar unha declaración responsable na que a persoa beneficiaria comprométase a cumprir cos principios horizontais establecidos no artigo 9 do RDC en materia de igualdade, accesibilidade e dereitos fundamentais.

n) Todo iso sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 24. Perda do dereito á operación de instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención, con reintegro do tramo non reembolsable e resolución e vencemento anticipado do



tramo reembolsable.

1. Producirase a perda do dereito á operación de instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención, no suposto de falta de xustificación das condicións impostas no acordo de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, no artigo 33 da Lei 9/2007 ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, de ser o caso, á obriga de reintegro total ou parcial do tramo non reembolsable de préstamo, e de vencemento e amortización anticipada do tramo reembolsable.

2. O procedemento para declarar a perda do dereito, e para facer efectivo o reintegro do tramo non reembolsable ao que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007.

3. Procederá a perda total do dereito á operación de instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención, con obriga de reintegro total do tramo non reembolsable de préstamo, e de vencemento e amortización anticipada total do tramo reembolsable, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

- a) Obter a operación sen reunir as condicións requiridas.
- b) Non achegar a xustificación do cumprimento do fito da creación de emprego, ou da realización dos investimentos subvencionables.
- c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, as auditorías do organismo de auditoría do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegarán canta información sexalles requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación consérvense durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se produza a finalización de execución do proxecto.
- d) Cando á finalización do prazo de creación de emprego e nos 5 anos seguintes non se mantivese o emprego con contrato indefinido preexistente antes do proxecto, incrementado en polo menos 5 postos de traballo adicional, ou se exceda o límite máximo de axuda pública por emprego, fixado en 80.000 €. Para ese efecto, o Igape poderá facer comprobacións en calquera momento deste período.
- e) Incumprimento de calquera compromiso ou condición que fose tida en conta na concesión



da operación, que de non tomarse en consideración na avaliación supuxese non alcanzar suficiente puntuación en concorrència competitiva para a concesión.

- f) A percepción doutras subvencións públicas, incompatibles coa totalidade da subvención prevista nestas bases.
- g) Cando o grao de incumprimento parcial supere o 50%, ou cando o investimento subvencionable acreditado non alcance o importe mínimo establecido nestas bases reguladoras.
- h) Non comunicar ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.
- i) Non dar publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no anexo V destas bases.
- j) Incumprir a obrigaón de achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de axuda pública de, polo menos, un 25% dos custos subvencionables, xa sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

4. Procederá a perda parcial, en función do grao de incumprimento, do dereito á operación de instrumento financeiro de préstamo combinado con subvención, con obriga de reintegro parcial do tramo non reembolsable de préstamo, e de vencemento e amortización anticipada parcial do tramo reembolsable, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

- a) A creación de menos emprego do comprometido, de forma que a ratio máxima axuda pública/emprego creado mantéñase inferior a 80.000€. Neste caso, o grao de incumprimento expresado en puntos porcentuais será: $(1 - (80.000 \times \text{Emprego creado}) / \text{Axuda pública percibida}) \times 100$.
- b) En caso de falta de xustificación parcial da contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao importe do investimento non xustificado ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables.
- c) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co FTJ, supoñerá a perda ou, no seu caso, o reintegro dun 2%.
- d) Incumprimento das condicións específicas definidas no artigo 21.5 destas bases, no caso de proxectos que requiran a realización de obra civil, supoñerá a perda ou, no seu caso,



o reintegro dun 5%.

Tamén procederá a perda parcial, no período de mantemento dos investimentos:

- a) No caso de que non se manteñan os investimentos subvencionados nos centros de traballo previstos durante o período mínimo de 5 anos, o reembolso por parte do beneficiario efectuarase proporcionalmente ao período de incumprimento.
- b) O incumprimento das condicións de publicidade, supoñerá un grao de incumprimento de 3 puntos porcentuais.

6. Ademais de nos supostos previstos nos apartados anteriores, o Igape poderá resolver a operación, declarando o vencemento e amortización anticipada do tramo reembolsable, en caso de falta de pago pola prestameira de cantidades debidas por principal e/ou xuros por importe equivalente a tres cotas trimestrais.

A prestameira quedará obrigada ao pago das cantidades debidas polo tramo reembolsable no prazo de cinco días naturais contados desde a notificación da resolución. Se a prestameira incumpre a obrigaón de pago no prazo sinalado, Igape poderá desde o día seguinte, sen máis aviso e en calquera tempo, reclamar xudicialmente o importe que ao seu favor acredite, tanto por capital como por xuros, gastos e tributos, así como executar as garantías pactadas, tendo en conta que desde o momento da notificación todas as débedas quedan vencidas e son esixibles.

7. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial do instrumento financeiro, mediante o seu ingreso na conta ES83 2080 0388 2731 1000 0584 en concepto de devolución voluntaria da subvención. En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 25. *Réxime sancionador*

Ás persoas beneficiarias das operacións de préstamo combinadas con subvención reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións prevista no título IV da Lei 9/2007.



Artigo 26. *Fiscalización e control*

As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse as actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, as auditorías do organismo de auditoría do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegarán tanta información sexalles requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantírase que todos os documentos xustificativos da operación consérvense durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se produza a finalización de execución do proxecto.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer estes feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-es/paginas/denan.aspx>

Artigo 27. *Comprobación das operacións de instrumento financeiro de préstamo combinadas con subvención*

1. O Igape comprobará a adecuada xustificación da subvención, o mantemento do emprego comprometido, do investimento subvencionable, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce do préstamo.
2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.



Artigo 28. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento aos deberes de transparencia contidos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela dos deberes previstos no título I da citada lei.

Artigo 29. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto en:

- a) Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE L 187, do 26 de xuño).
- b) Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e a política de visados (DOUE L 231, do 30 de xuño).
- c) Regulamento (UE) nº 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo de Transición Xusta (DOUE L 231, do 30 de xuño).
- d) A normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.
- e) Mapa de España de axudas rexionais para o período 2022-2027, aprobado pola Comisión Europea o 17 de marzo de 2022.
- f) Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril), modificado polos decretos 174/2007, do 6 de setembro (DOG nº 186, do 25 de setembro), e 45/2009, do 12 de febreiro (DOG nº 48, do 10 de marzo), e 155/2019, do 28 de novembro (DOG nº 234, do 10 de decembro), que habilita ao Igape para conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos a favor de



empresas.

g) Comunicación da Comisión relativa á revisión do método de fixación dos tipos de referencia e de actualización 2008/C 14/02 (DOCE do 19 de xaneiro).

h) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

i) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

j) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

k) Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

l) Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

m) Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

n) No resto da normativa que resulte de aplicación.



ANEXO I

ANEXO II

ANEXO III

DETERMINACIÓN DA CUALIFICACIÓN DO RISCO DE CRÉDITO E GRAO DE COLATERALIZACIÓN

A) METODOLOXÍA DE CUALIFICACIÓN DO RISCO DE CRÉDITO

Cada proxecto para financiar incluírá, no seu informe técnico de estudo unha cualificación do risco de crédito da empresa e do proxecto, que poderá ser "Excelente", "Boa", "Satisfactoria", "Deficiente", ou "Mala/dificultades", para ese efecto, empregárase a metodoloxía de cualificación implantada no Igape para todas as súas liñas de financiamento a empresas. Tamén poderá considerarse, no seu caso, as cualificacións de risco de crédito realizadas por axencias recoñecidas.

A metodoloxía de cualificación de risco de crédito utilizada en Igape consiste en valorar os factores de risco relacionados na seguinte táboa:

	Rango de valores	Limiar mínimo
Experiencia previa e traxectoria empresa/promotores	0-15	0
Antecedentes empresa/promotores en Igape /Xesgalicia	0-2	1
Calidade da xestión operativa	0-10	0
Capacitación técnica xeral	0-15	5
Risco de produto	0-9	3
Risco de mercado	0-9	3
Capacidade financeira	0-20	5
Risco por complexidade técnica	0-5	1
Viabilidade económica e financeira da actuación	0-15	5
Factores de risco cualitativos (incrementales ou mitigantes)		
Cualificación do risco	0-100	50

1. Asignarase unha puntuación a cada criterio de avaliación no rango de valores indicado.

2. A puntuación asignada a cada criterio de avaliación será produto de conxugar determinadas ratios e valoracións obxectivas coas consideracións cualitativas que sexan acordadas no Comité de Riscos (órgano colexiado que analizará as operacións de risco, formado por persoal técnico de diversos organismos sen conflito de interese) e contribuirán á cualificación total do risco que, no seu conxunto, estará normalizada entre 0 e 100 puntos. Os aspectos que serán obxecto de valoración en cada criterio serán os seguintes:

Experiencia previa e traxectoria empresa/promotores (0/15)	
Puntos positivos	Anos de actividades da empresa.
	Anos de actividades dos socios/promotores noutros proxectos diferentes.
Puntos negativos	Constancia de incidentes xudiciais relevantes que poidan implicar continxencias futuras.
	Historial de procesos de insolvencia.
Antecedentes empresa/promotores en Igape /Xesgalicia (0/2)	
Puntos positivos	Experiencia positiva de cumprimento co Igape e coas sociedades e fondos xestionados por Xesgalicia .
	Inexistencia de riscos vivos co Igape e coas sociedades e fondos xestionados por Xesgalicia .
	Inexistencia de débedas vencidas co Igape e coas sociedades e fondos xestionados por Xesgalicia .
Puntos negativos	Historial de incumprimento.
	Existencia de débedas impagadas.



Calidade de xestión operativa (0/10)	
Puntos positivos	Dispoñer de información contable fiable. Contas anuais auditadas sen incidentes.
	Utilizar sistemas de información ERP ou contemplar a súa implantación no proxecto.
	Achegar organigrama con distribución coherente de funcións e responsabilidades.
	Retribución media ao persoal adecuada.
	Inexistencia de antecedentes de conflitividade laboral.
	Xerencia e administradores/consello de administración cualificado, achegando currículo.
Capacitación técnica xeral (0/15)	
Puntos positivos	Instalacións produtivas con capacidade apropiada ou investimentos previstos para adquirila.
	Experiencia en implantación de proxectos de contía similar nos últimos 5 anos.
	Experiencia no produto/servizo.
	Dispoñer de persoal cualificado en persoal.
	Dispoñer de sistemas de xestión de calidade.
	Dispoñer de certificados ambientais.
Puntos negativos	Apréciase posible obsolescencia tecnolóxica.
	Apréciase capacidade excesivamente dimensionada.
	Detéctanse posibles problemas de licenza ou deficiencias técnicas nas actuais instalacións.
Risco de produto (0/9)	
Puntos positivos	Posición adecuada no ciclo de vida do produto/servizo.
	Independencia de provedores (existencia de provedores alternativos).
	Grao de novidade do produto / razoablemente existirá boa demanda.
	Competitividade en prezo.
	Competitividade en calidade.
	Facilidade de diversificación do produto e adaptación ao mercado.
Puntos negativos	Identifícanse riscos de cambios regulamentarios en relación ao produto.
	O produto non está contrastado tecnicamente.
	Posibilidade razoable de caída en desuso dos produtos a curto prazo.
	Existencia de produtos alternativos altamente competitivos.
Risco de mercado (0/9)	
Puntos positivos	Dispoñer de cota de mercado histórica.
	Grao de diversificación da carteira de clientes.
	Vendas predicibles (existencia de contratos, boa demanda...).
	Existencia dun plan de márketing.
	Diversificación xeográfica e tamaño de mercado amplo.
	Dispoñer de rede comercial adecuada.
	Existencia de barreiras de entrada identificadas que fosen superadas.
Puntos negativos	Mercado maduro ou altamente competitivo.
	Barreiras de entrada que afecten o proxecto.
	Inestabilidade nos prezos.
	Dependencia de intermediarios.
Capacidade financeira (0/20)	
Puntos positivos	Empresas con mínimo de 2 anos de estados financeiros con actividade
	Ratio Fondos propios/Pasivo total.
	Ratio Endebedamento financeiro/EBITDA.



	Rotacións de circulante coherentes / fondo de manobra apropiado.
	Tendencia positiva a nivel de vendas e de cash flow.
	Gastos financeiros contidos.
	Resultado do exercicio/Fondos propios.
	Magnitude do proxecto en relación á estrutura previa.
	Empresas sen un mínimo de 2 anos de estados financeiros con actividade
	Ratio débeda total/ fondos propios.
	Financiamento a conceder/fondos propios.
	Financiamento a conceder/débeda total.
Puntos negativos	Existencia de saldos relevantes con socios ou administradores, excepto achegas acreditadas a capitalizar.
	Ratio Fondos propios/Pasivo total inferior a limiar.
	Existencia de empresas vinculadas que dificulten a análise.
	Aprazamentos de débedas con administracións.
Risco por complexidade técnica (0/5)	
Puntos positivos	Cualificación técnica suficiente (non se aprecia ausencia de capacidade para levar a cabo o proxecto).
	O proceso carece de complexidade técnica.
	Experiencia exitosa en proxectos similares.
Puntos negativos	Requírese especial cualificación pendente de adquirir.
	Non está suficientemente contrastada a tecnoloxía necesaria.
	Non está contrastado suficientemente o proceso industrial.
Viabilidade económica e financeira dá actuación (0/15)	
Puntos positivos	Grao de razoabilidade das hipóteses que sustentan as previsións.
	A memoria inclúe conta de resultados previsional cun grao de detalle suficiente.
	A memoria inclúe estado de fluxos de efectivo previsional ou plan de tesourería claro e con detalle suficiente.
	Achéganse balances de situación previsionais.
	Cash flow previsional suficiente para o servizo da débeda.
	Achéganse datos suficientes para o cálculo da TIR, e esta polo menos duplica o custo medio do financiamento.
Puntos negativos	As previsións económicas non gardan coherencia cos datos históricos ou son excesivamente optimistas.
	Non se valoran as necesidades de circulante e o seu financiamento.
	Incoherencia entre os prazos do financiamento e a vida útil dos bens financiados.
	Non se analiza adecuadamente o impacto do proxecto.

Para solicitantes persoas físicas (autónomos) ou entidades sen obrigaón de dispoñer de contabilidade ou formular Contas Anuais, o criterio de capacidade financeira puntuarase de 0 a 20 puntos, conforme ao seguinte cadro:

	Rango de valores
Rendas percibidas	0-8
Valor patrimonial neto	0-8
Magnitude do préstamo	0-4
Factores atenuantes do risco	
Capacidade financeira	0-20

Os aspectos que serán obxecto de avaliación serán os seguintes :



Rendas históricas percibidas (0/8)	
Factores a considerar	Estabilidade dos ingresos
	Diversificación dos ingresos
Valor patrimonial neto (0/8)	
Factores a considerar	Tipo de bens patrimoniais dispoñibles
	Prazo de devolución de débedas / rendas
Magnitude do préstamo (0/4)	
Factores a considerar	Relación rendas anuais/préstamo solicitado
	Relación patrimonio neto/préstamo

3. O incumprimento dalgún dos limiares mínimos indicados levará unha puntuación total de cero puntos, e supoñerá a denegación da solicitude presentada por exceso de risco.

4. A puntuación total obtida polo proxecto ou actuación deberá alcanzar polo menos o valor de 50 puntos. Toda puntuación inferior a este mínimo supoñerá a desestimación da solicitude presentada por exceso de risco.

5. A puntuación do risco así obtida, dará lugar a unha clasificación en cinco categorías, conforme a seguinte táboa:

Cualificación do risco	Puntuación
Excelente (AAA-A)	86-100
Boa (BBB)	66-85
Satisfactoria (BB)	50-65
Deficiente (B)	25-49
Mala/dificultades (CC)	0-24

B) CRITERIOS DE VALORACIÓN DO GRAO DE COLATERALIZACIÓN

Incluirase no correspondente informe técnicos un cálculo estimativo da perda en caso de falta de pagamento, que determinará o grao de colateralización, e clasificarase en "Alto", "Normal" ou "Baixo".

O nivel de garantías ofrecidas valorarase en base a unha estimación da porcentaxe de perda en caso de falta de pagamento, conforme a seguinte táboa:

Colateralización	Puntos	Perda en caso de falta de pagamento
Alta	71-100	< 30%
Normal	41-70	Entre 30% e 60%
Baixa	0-40	> 60%

A perda en caso de falta de pagamento será estimada conforme aos seguintes criterios:

1. Garantía persoal societaria: Puntuarase a garantía persoal dunha sociedade, tanto na súa condición de titular como pola súa condición de terceiro fiador, aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = 5 \times (\text{patrimonio neto conforme aos seus últimos estados financeiros}) / (\text{importe operación garantida})$$

A puntuación máxima por este tipo de garantías societarias será de 41 puntos.

2. Garantía persoal de persoas físicas: Puntuarase a garantía persoal dunha persoa física, tanto na súa condición de titular como pola súa condición de terceiro fiador, aplicando unha puntuación fixa de 10 puntos polo compromiso persoal adquirido, independentemente do seu patrimonio ou ingresos.

Adicionalmente, poderá asignarse unha puntuación superior se se acredita un patrimonio inmobiliario adicional á vivenda habitual, libre de cargas e cunha valoración baseada en taxacións independentes.



A puntuación máxima por este tipo de garantías será de 41 puntos.

3. Garantías consistentes en hipotecas en primeiro rango sobre inmoables: Considerarase o valor segundo taxación por sociedade homologada polo Banco de España.

$\text{Puntos} = 80 \times (\text{valor de taxación}) / (\text{importe operación garantida})$

4. Garantías consistentes en hipotecas ou peza sen desprazamento sobre bens mobles: Considerarase o valor de taxación segundo informe pericial independente.

$\text{Puntos} = 60 \times (\text{valor de peritaxe}) / (\text{importe operación garantida})$

5. Garantías consistentes en avais bancarios, de sociedade de garantía recíproca ou pignoración de activos financeiros líquidos ou dereitos de crédito: Considerarase o seu valor nominal.

$\text{Puntos} = (\text{límite do aval}) / (\text{importe operación garantida}) \times 100$

Para unha mesma operación poderán tomarse garantías de distinto tipo, acumulándose as puntuacións que correspondan.



ANEXO IV

ANEXO V

Requisitos de comunicación do financiamento público

Responsabilidade da persoa beneficiaria.

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto nos artigos 47, 50 e Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a persoa beneficiaria durante o período de mantemento do investimento, recoñecerá a axuda dos fondos europeos, a través do Fondo de Transición Xusta, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando este sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de maneira proporcionada en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe:

https://igape.gal/images/05-mais-igape/05-04-quensomos-transparencia/carteles/cartel_web_prestamos_cs.pdf

b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de maneira visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos

c) Tan pronto como comecen as actuacións exhibirase unha placa permanente ou valo publicitario resistente nun lugar ben visible para o público"

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

https://igape.gal/images/05-mais-igape/05-04-quensomos-transparencia/carteles/cartel_fisico_prestamos_cs.pdf



Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar unha placa ou cartel.

Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto ao dispor do organismo intermedio ou das institucións da Unión Europea, se así llo solicitan.

A persoa beneficiaria deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento "Uso do emblema europeo no contexto dos Programas da UE 2021-2027" (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_é.pdf) e as características técnicas descritas no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060.



ANEXO VI

RELACIÓN DE MUNICIPIOS EN ZONAS DE TRANSICIÓN XUSTA

Definidos como talles aqueles municipios que figuran nos Protocolos Xerais de actuación para o deseño dos Convenios de Transición Xusta acordados entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, as Consellerías correspondentes das Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios y Provincias, así como nos Convenios de Transición Xusta que se subscriban de acordo co artigo 28 da Lei 7/2021, do 21 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

Zona de transición xusta	Municipio (COD_INE)	Nome do municipio
As Pontes	15015	Cabanas
As Pontes	15018	Capela, A
As Pontes	15025	Cerdido
As Pontes	15036	Ferrol
As Pontes	15044	Mañón
As Pontes	15049	Moeche
As Pontes	15050	Monfero
As Pontes	15061	Ortigueira
As Pontes	15070	Pontes de García Rodríguez, As
As Pontes	15076	San Sadurniño
As Pontes	15081	Somozas, As
Meirama	15021	Carral
Meirama	15024	Cerceda
Meirama	15041	Laracha, A
Meirama	15059	Ordes
Meirama	15084	Tordoia



ANEXO VII

ANEXO VIII

ANEXO IX

ANEXO X

ANEXO XI



ANEXO XII